EU SON FUNDACIÓN

Boletín informativo da Fundación Breogán

Nº15 2º trimestre 2026

CHAN COMÚN

Un proxecto ilusionante no que cada persoa suma

PROXECTO CRIS SEIJO

Identidade de grupo, ilusión compartida

NOVO PROXECTO

Miño Vivo

FOOD TRUCK SOLIDARIO

A iniciativa que reuniu deporte, solidariedade e gastronomía

MATCHFUNDING ÍCARO

5º proxecto mellor valorado de España

CRONOLOXÍA

FUNDACIÓN Breogán

Chan Común
Boccia Escolar
Grazas A-Vós
Inclusión +Xti
Matchfunding Ícaro
Boas Prácticas
Adrián Callejo
Luis Abel Taboada
Food Truck Solidario
Cris Seijo
Sen Filtros
Experiencia Breogán
Asorlu / García Rielo
Protectora de Animais / Albia
Pegadas da Memoria
Persoas
Motopark Lugo
Muralla Rugby
Aros
Gravitty
Pazo Aberto
Colexio Cervantes
CEIP Pol
Memoria Celeste
Miño Vivo
Coidando o Corazón
Pesaxes Ningún Aro Sen Rede

O seguinte paso no Sentimento Breoganista

EDITORIAL

Entre abril e xuño, a Fundación Breogán continuou avanzando no seu compromiso de utilizar o deporte como unha ferramenta de transformación social, chegando a novos espazos, fortalecendo proxectos consolidados e creando oportunidades para que cada vez máis persoas poidan participar, aprender, compartir e medrar.

Durante estes meses seguimos promovendo a inclusión a través de iniciativas como AROS, Boccia Escolar ou Inclusión +XTI; reforzamos o noso compromiso co benestar e a saúde mediante programas como Coidando o Corazón ou Grazas A-Vós; impulsamos a educación en valores con Sen Filtros e Ningún Aro Sen Rede; e continuamos tecendo alianzas con entidades, centros educativos, empresas e colectivos que comparten a nosa forma de entender o deporte.

Tamén foi un trimestre marcado pola participación e a solidariedade, coa celebración do Food Truck Solidario, o impulso ao Matchfunding do Proxecto Icaro e o desenvolvemento de experiencias e actividades que nos permitiron seguir achegando o breoganismo á sociedade a través de iniciativas como Experiencia Breogán, Pazo Aberto ou Memoria Celeste.

Cada actividade, cada adestramento, cada visita e cada colaboración representan moito máis ca un evento puntual. Son pasos que nos achegan a unha Fundación máis aberta, máis útil e máis conectada coa realidade das persoas ás que nos debemos.

Neste novo número de EU Son Fundación queremos compartir convosco unha parte dese camiño. Porque detrás de cada proxecto hai historias, esforzo, compromiso e ilusión. E porque o verdadeiro valor da nosa labor non se mide só no que facemos, senón nas persoas que o fan posible e nas que se benefician del cada día.

Grazas por acompañarnos unha vez máis.

CHAN COMÚN

XUNT@S DE VERDADE

CHAN COMÚN nace como un espazo compartido onde o deporte se converte nunha ferramenta para crear vínculos, fomentar a participación e construír comunidade.

Un proxecto no que cada persoa suma e cada experiencia conta.



PAZO DE VILANE GALICIA
dignidade fundación

”O baloncesto é a escusa.
o importante é todo o que construímos
xunt@s arredor del”



DÚAS CITAS ESPECIAIS

Durante este trimestre, CHAN COMÚN viviu dous encontros moi especiais que exemplifican á perfección a filosofía do proxecto.

- O equipo masculino compartiu pista cun combinado do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto - Delegación de Lugo, mentres que o equipo feminino disputou un encontro fronte a xogadoras procedentes do CB Celtas de Foz, CB Sarria, CB Terra Chá e AXSC Senior Feminino.

- Dúas xornadas marcadas polo respecto, a convivencia e a paixón polo baloncesto, nas que o máis importante non foi o resultado, senón seguir demostrando que o deporte pode ser un espazo de encontro, inclusión e comunidade.

CRIS SEIJO

CAMPIOAS DENTRO E FORA DA PISTA

> ”Seguimos xogando polo mesmo motivo que o primeiro día: desfrutar xuntas.”

TEMPADA PARA O RECORDO

Campioas da Liga de Veteranas da FEGABA por terceiro ano consecutivo tras superar ao CB San Cibrao na final disputada en Vilagarcía de Arousa.

MÁIS QUE BALONCESTO

O título no Torneo de Veteranas Cidade de Ferrol serviu tamén para fortalecer vínculos, compartir experiencias e seguir construíndo unha identidade de grupo baseada na amizade, o respecto e a ilusión.

MIÑO VIVO


NOVO PROXECTO 2026

APRENDER • COÑECER • COIDAR

Miño Vivo nace para achegar ás persoas á riqueza natural da Reserva da Biosfera Terras do Miño a través de experiencias participativas, inclusivas e ao aire libre.

Un proxecto que une educación ambiental, biodiversidade e comunidade para descubrir, comprender e protexer o noso territorio.

> "Coñecer o territorio é o primeiro paso para coidalo."



Participaron neste trimestre: Down Lugo · ASPNAIS · Dano Cerebral Lugo · San Vicente de Paul

PROXECTOS
QUE SEGUEN MEDRANDO

Alén das iniciativas destacadas deste número, na Fundación Breogán continuamos desenvolvendo durante o segundo trimestre numerosos proxectos educativos, sociais e comunitarios que forman parte do noso traballo diario.



GRAZAS A-VÓS

Pechamos a terceira tempada levando actividade física, compañía e benestar ás residencias As Gándaras e A Milagrosa. O próximo curso xa está en marcha.



PERSOAS

Novas experiencias compartidas xunto a Motopark Lugo e Muralla Rugby volveron demostrar que o deporte é unha ferramenta extraordinaria para conectar persoas.



PAZO ABERTO

O Pazo volveu abrir as súas portas a centros educativos da provincia, ofrecendo experiencias únicas para coñecer o baloncesto e o breoganismo desde dentro.




PEGADAS DA MEMORIA

O proxecto continuou levando a terapia asistida con cans a residencias e entidades sociais, creando espazos de encontro, benestar e conexión emocional.

Albia FUNERARIA FERNÁNDEZ
XUNTA DE GALICIA
DEPUTACIÓN DE LUGO VICEPRESIDENCIA Deportes

PAZO DE VILANE
GALICIA

EMPRESA BENEFACTORA 26/27



Seguimos camiñando xuntos

ÀROS

BALONCESTO PARA PARTICIPAR, COMPARTIR E MEDRAR

A través das súas diferentes vertentes, o Proxecto ÀROS continúa utilizando o baloncesto como unha ferramenta de inclusión, participación e desenvolvemento persoal para persoas con capacidades diferentes.

Un espazo onde cada adestramento suma confianza, autonomía e novas oportunidades.



LUZ
Participación, confianza e autonomía.



FUTURO
Aprender, compartir e medrar.

todos temos un

4 VERTENTES

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes
VICEPRESIDENCIA
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE · ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS · XUNTA DE GALICIA
HOSPITAL DE DÍA DE SAÚDE MENTAL - H.U.L.A



SAÚDE
Actividade física
e benestar.

VIDA
Experiencias, relacións
e comunidade.

aro que alcanzar

- 1 MESMO OBXECTIVO

EXPERIENCIA BREOGÁN

COÑECER PARA COMPRENDER, COMPARTIR PARA TRANSFORMAR.

Hai realidades que merecen ser coñecidas de preto. Experiencia Breogán naceu para abrir portas, crear encontros e dar visibilidade a entidades que traballan cada día por mellorar a vida das persoas e da súa contorna.

Porque comprender comeza sempre por achegarse, escoitar e compartir.



”Cada experiencia é un
descubrir realidade
escoitadas, recoñeci

ASORLU / GARCÍA RIELO • 20-26 ABRIL 2026

E R

nha oportunidade para
es que merecen ser
das e compartidas.”



PROTECTORA DE LUGO / ALBIA FUNERARIA FERNÁNDEZ • 11-17 MAIO 2026

Albia
FUNERARIA FERNÁNDEZ

FOOD TRUCK

SOLIDARIO









GASTRONOMÍA QUE SUMA

A iniciativa reuniu deporte, voluntariado e gastronomía para apoiar os proxectos sociais e educativos da Fundación Breogán.

INCLUSIÓN REAL

Rapaces e rapazas de Down Lugo participaron activamente nunha experiencia construída desde a convivencia, a participación e a igualdade de oportunidades.

PROXECTO ÍCARO

UN SOÑO QUE XA VOA ALTO

Ícaro segue demostrando que o baloncesto pode ser moito máis que un deporte. Grazas ao apoio de centos de persoas, o proxecto alcanzou os seus obxectivos no matchfunding de Cancha Solidaria Endesa, transformando a solidariedade en oportunidades reais para a mocidade da nosa contorna.

> "Máis de 200 proxectos de toda España.
> Entre os 5 mellores."



O Proxecto Ícaro foi recoñecido por Cancha Solidaria Endesa de entre máis de 200 proxectos, como unha das cinco mellores iniciativas sociais vinculadas ao baloncesto de toda España.

O matchfunding acadou o obxectivo marcado grazas ao apoio da nosa comunidade. Todo o recadado destinarase a bolsas deportivas para a tempada 26/27.

5º PROXECTO MELLOR VALORADO DE ESPAÑA • CANCHA SOLIDARIA ENDESA 2026

MEMORIA CELESTE

HISTORIAS QUE CONSTRUIRON O BREOGANISMO

A historia dun club non vive só nos seus trofeos ou nos seus partidos inesquecibles. Vive tamén nas persoas que a construíron.

Nesta última actividade da tempada, Antonio Seral e José Manuel Ramiro volveron exercer de ponte entre xeracións, compartindo co alumnado do Colexio Cervantes experiencias, recordos e valores que forman parte da identidade breoganista.



As Lendas Celestes participaron en diferentes actividades educativas e sociais da Fundación Breogán, compartindo experiencias, valores e sentimento breoganista coas novas xeracións.

NINGÚN ARO SEN REDE

RECICLANDO HOXE PARA CONSTRUIR O MAÑÁ

O alumnado dos centros participantes recolleu durante o curso 2025/26 máis de 53 quilogramos de material de escritura en desuso, contribuíndo á economía circular e ao coidado do medio ambiente.

CEIP de Bretoña (A Pastoriza)
3.300 g.

MENOS DE 50 ALUMNOS

CEIP Plurilingüe de Nadela
12.300 g.

DE 51 A 150 ALUMNOS

CEIP Menéndez Pelayo
22.600 g.

MÁIS DE 150 ALUMNOS

CEIP Virxe da Luz

CEIP Plurilingüe de Lousada

CEIPP Benigno Quiroga Ballesteros

Colexio FEC San José

Colexio Diocesano A Milagrosa

CEIP A Ponte

4ª EDICIÓN

4ª EDICIÓN • CURSO 2025/26

💪 NOVO PROXECTO 2026

INCLUSIÓN +XT

DEPORTE, EDUCACIÓN E CREATIVIDADE

Un programa que combina deporte, educación e creatividade para acompañar a menores e mocidade en situación ou risco de exclusión social.

Un espazo para previr condutas de risco, promover hábitos saudables e desenvolver ferramentas persoais e sociais que favorezan a inclusión.







DEPORTE

Baloncesto, fútbol sala e boxeo educativo.

EDUCACIÓN

Prevención, responsabilidade, igualdade e habilidades para a vida.

CREATIVIDADE

Rap, educación emocional, comunicación e expresión persoal.

LUGO • ABRIL - XUÑO 2026

Financiado polo Concello de Lugo · Concellería de Xuventude e Deportes
No marco das liñas de actuación do Plan Nacional sobre Drogas do Ministerio de Sanidade.


MINISTERIO DE SANIDAD, CONSUMO Y BIENESTAR SOCIAL · SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVICIOS SOCIALES · DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS
Concello de Lugo ALCALDÍA · Xuventude e Deportes
FUNDACIÓN Bregaio

BOAS PRÁCTICAS

XESTIÓN EMOCIONAL E SAÚDE GLOBAL

NOVO PROXECTO 2026

Na recta final do proxecto, o alumnado do CEIP Luis Pimentel e do CEIP Das Mercedes participou en dúas sesións centradas no coidado integral da saúde a través do deporte.



PREVENCIÓN DE LESIÓNS

Adrián Callejo
Fisioterapeuta do Río Breogán

Unha sesión práctica para aprender a identificar, manexar e previr lesións desde idades temperás.

SAÚDE INTEGRAL

Luis Abel Taboada
Director da Fundación Breogán

Unha reflexión sobre a relación entre actividade física, benestar emocional e hábitos saudables.



EU SON FUNDACIÓN

BOLETÍN INFORMATIVO DA FUNDACIÓN BREOGÁN

Se desexas formar parte da **FUNDACIÓN BREOGÁN**, tanto como empresa ou socio benefactor e ser partícipe de tódolos nosos proxectos, tes a opción de unirte a nós en ***www.fundacionbreogan.org.***

Cremos firmemente no deporte como ferramenta de transformación social, contribuindo así a unha sociedade máis xusta, integradora e onde os máis novos sexan educados na base de valores como o esforzo, superación, perseverancia, igualdade, respeto, deportividade, solidariedade, etc. Forma parte do cambio e da con nós ***O seguinte paso no sentimento*** breoganista.

Concello de Lugo
ALCALDÍA

XUNTA DE GALICIA

galicia

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA
Deportes

Río DE GALICIA

DITRAM
GRUPO ANGAL
AUTOMOCIÓN

Albia
FUNERARIA FERNÁNDEZ

García Rielo
CLÍNICA DENTAL

PAZO DE VILANE
GALICIA

CANDELAS

FORESTAL PENINSULAR S.L.

norContact

UNICOPIA

AUTOS IGLESIAS S.L.

CONGELADOS SARRIANOS, S.L.

KIDS&US
my English

Serge

agromera

SERIGRAFÍA EO

vazmar

CAIXA RURAL GALEGA

GrupoDill
INSERCIÓN LABORAL

fincasLugo

Bardasco